

## Ponte das Poldras

050027

### Datos de Localización

Ponte

<b>Nomenclator:</b>	3207701
<b>Coord. UTM:</b>	<b>X:</b> 602798 <b>Y:</b> 4660154
<b>Concello:</b>	Sandiás
<b>Parroquia:</b>	COUSO DE LIMIA
<b>Lugar:</b>	Vilariño das Poldras
<b>Tipoloxía:</b>	Arquitectura Civil
<b>Tipo:</b>	Construcións do territorio
<b>Subtipo:</b>	<b>Ponte</b>



**Denominación:** Ponte das Poldras

**Etapa Histórica:** Idade Media

**Estilo relevante** Popular

**Outros Estilos:**

**Descrición:**

A ponte das Poldras atopábase salvando o río na estrada que vai dende Vilariño a Xinzo de Limia. Foi unha obra romana restaurada en diferentes datas e respetando a traza horizontal e o número primitivo de arcos -contaba con dezaioito- que ata a data da súa destrución aínda conservaba parte da sillería romana.

A Vía XVIII pasaba ó sur do núcleo de Vilariño das Poldras e dende ela podería sair unha vía romana secundaria con camiño cara Xinzo de Limia. Para atravesalo río empregábase unha ponte romana que estivo emprazada neste lugar ata o ano 1962. A desecación da lagoa e a posterior posta en marcha da concentración parcelaria levou consigo a desaparición deste ben así como un miliario que estaba ó seu carón. Non se sabe se conservaba algunha inscrición, o que sí se apreciaba no mesmo era unha cruz característica dun fito xurisdiccional. Este miliario xa foi citado no século XVIII Por Don Pedro González de Ulloa -abade de Santa Baia-, do seguinte xeito: "*Otra columna esta arrimada a la misma puente (que llaman das Poldras) esta sí que es columna miliar*".

As obras da concentración modificaron totalmente a aparencia do lugar: no emprazamento da ponte romana erixiuse unha de formigón, destruíuse o trazado da vía secundaria debido á concentración e a unhas canteiras de extracción de area, as pedras da antiga ponte foron unhas empregadas para a realización de muros laterais de contención e outras foron trituradas para empregalas como cimentación da estrada. O topónimo de "calzada" aínda existe en varios puntos arredor da antiga ponte romana, na fotografía aérea tamén se pode seguir o seu trazado dende o Campo da Lama (lugar onde apareceron en 1995 tres miliarios).

### DOCUMENTACIÓN:

-Ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32077021.

### BIBLIOGRAFÍA:

-ALVARADO BLANCO, S., RIVAS FERNÁNDEZ, J. C., VEGA PATO, T.: "La Vía Nova en a Limia", *Boletín Auriense*, Anexo 16, Ourense, 1992, pp. 76, 91.

-MARTÍNEZ CARNERO, X. L.: *Antela. A memoria asolagada*. Vigo, Xerais, 1997. pp. 40-41.

### Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

## Delimitación do Ben e da contorna

Situación: 0

Area de Protección:

## Protección

Tipo de ben: ----

Proposta de tipo de ben: ----

Estado de Tramitación: ----

Nivel de Protección Arq.: ----

Proposta Nivel de Protección Arq. ----

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

## Conservación-Intervención

Estado de Conservació 0

Uso Actual:

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles

---





